

A CASA DAS LINGUAS

Estimadas veciñas e veciños asistentes á casa das linguas

Na Casa Das Linguas queremos comezar unha nova etapa acercando e informando a cidadanía de novos cambios co fin de ofertar un amplo abano de actividades

Desde o Concello de Lugo queremos dar un enfoque diferente á función das Casas Das Linguas , acercalas a veciñanza para practicar e disfrutar aprendendo diferentes idiomas a través de todos os medios dos que dispoñemos.

Obxectivos

- Que sexa unha ponte para a toma de contacto con outros idiomas, a primeira oportunidade para algúns, e unha práctica axuda para persoas usuarias que cun nivel máis avanzado poidan ter actividades orientadas á comunicación oral, conversacións, audicións.. co fin de mellorar e disfrutar da aprendizaxe en inglés e francés.
- Que englobe actividades culturais, charlas, conferencias... Búscase acercar a interculturalidade a toda a cidadanía para dar a oportunidade de coñecer diferentes culturas e novos idiomas, actualmente ofrécese inglés e francés, chino durante o curso escolar coa asociación Chengbao , que se abren a que outras persoas distintas das da asociación poidan asistir e con posibilidade de poder facer algo en árabe.
- Poderase disfrutar de servizos, abertos para toda a poboación , a sala de ordenadores para o que queiran consultar pero tamén para practicar o idioma que elixan coa orientación por persoal cualificado.
- a lectura de prensa e revistas nacionais e internacionais, aberta a toda a cidadanía .
- Nas linguas nas que se estea traballando,dividiranse os días por niveis, cada día terá un nivel diferente
- As series e películas emitiranse con subtítulos en español, para que sexan accesibles a todo o público. Emitiranse varias veces á semana en diferentes horarios para ofrecer máis facilidades a cidadanía que desexe asistir á proxección.

Dende a Concellería de benestar social e igualdade queremos facilitar un espazo con actividades para os nenos e nenas de entre 4 e 9 anos, que teñan que acompañar os seus pais ou nais durante os períodos de vacacións

O noso desexo é que todas as persoas que participen das actividades vexa cumpridos os seus obxectivos
Que teñan un verán agradable e que disfruten o mais posible

Un saúdo

A concelleira de benestar social e igualdade e persoal da casa das linguas